



**Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)**

PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE COMUNICACIÓNS E XUVENTUDE

Redactado o proxecto de Regulamento Interno da Acción Voluntaria do Concello de Cambados por parte da dinamizadora xuvenil en cumprimento do previsto no artigo 11 da Lei 10/2011, do 28 novembro, de acción voluntaria de Galicia é polo que propoño á Comisión Informativa permanente de Muller, Igualdade e Xuventude ditamine en sentido favorable a modificación e eleve ao pleno a seguinte proposta:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Regulamento Interno da Acción Voluntaria do Concello de Cambados segundo a redacción dada pola Dinamizadora Xuvenil.

Segundo.- Abrir un período de información pública por espazo de 30 días mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincial, para a presentación de reclamacións e suxerencias.

Terceiro.- Rematado o período de información pública, o Pleno, nun acto unitario, debe resolver as reclamacións e proceder á súa aprobación definitiva. No caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxerencia, entenderáse definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.


Cuarto.- Publicación e entrada en vigor: Dacordo co disposto no artigo 70.2 da lei 7/195, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local a modificación non entrará en vigor ata que se publique íntegramente o texto da modificación no BOPPO e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 (15 días hábiles a partires da recepción do acordo por parte da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma).

Quinto.- Remitir o documento aprobado ao Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia.

En Cambados a 22 de marzo de 2017.

O Concelleiro de Comunicacóns e Xuventude

Asdo Miguel Pérez Osorio



Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

INFORME DE SECRETARÍA

Asunto: Aprobación inicial do Regulamento Interno da Acción Voluntaria do Concello de Cambados.

Con data de 14 de abril de 2005 a Directora Xeral do Voluntariado ditou resolución no que acordou a inscrición no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia do Concello de Cambados, asignándolle o número L-209.

Con data de 10 de marzo de 2017 elabórase proxecto de Regulamento Interno da Acción Voluntaria do Concello de Cambados por parte da dinamizadora xuvenil.

FUNDAMENTOS DE DEREITO


A Lei 10/2011, do 28 novembro, de acción voluntaria de Galicia establece no seu artigo 11 que as entidades de acción voluntaria están obrigadas a elaborar e aprobar o seu regulamento interno de acción voluntaria, no cal se indicarán as condicións específicas de admisión e a perda da condición de persoa voluntaria, os dereitos e deberes desta, os mecanismos para a súa participación na entidade e os principios que rexerán as relacións entre esta e aquela (todos estes aspectos figuran no proxecto). No tocante a que poidan admitirse a menores de 18 anos e maiores de 12 que contén con autorización expresa dos proxenitores, titores ou representantes legais no que se valorará se as actividades de voluntariado prexudican no seu desenvolvemento e formación integral, ten amparo legal no artigo 8 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de Voluntariado se ben se distingue e así compre enténdelo que a valoración do prexuízo do seu desenrolo e formación integral só se aplica aos menores de 16 anos.

En canto ás competencias das entidades locais de Galicia neste eido veñen establecidas no artigo 23 da Lei 10/2011, do 28 novembro, de acción voluntaria de Galicia.

Compre ter en conta da obriga de subscribir unha póliza de seguro que cubrirá os riscos derivados da acción das persoas voluntarias, tanto a responsabilidade civil derivada das súas actuacións, como os accidentes que poidan sufrir, cando estas participen en programas ou proxectos que sexan organizados por aquelas.

Citar así mesmo que os voluntarios desempeñan a súa actividade de forma altruísta e se levan a cabo de forma desinteresada, sen compensación económica pero que non obstante poden recibir unha compensación económica polos gastos ocasionados sempre que así se pacte ente o concello e a persoa voluntaria, neste caso e se así se pactara nunha actividade deberá crearse partida orzamentaria a tal efecto, para este concepto así como para os cursos de formación.

En canto ao procedemento para a aprobación do regulamento non existe procedemento específico "*ratione materiae*" polo que compre acudir ao establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local:
1º.- Aprobación inicial polo pleno co quórum da maioría simple (previo dictame da comisión informativa).



**Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)**

2º.- Información pública polo prazo mínimo de 30 días hábiles para a presentación de reclamacións e suxerencias.

3º.- Rematado o período de información pública, o Pleno, nun acto unitario, debe resolver as reclamacións e proceder á súa aprobación definitiva. No caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxerencia, entenderáse definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Publicación: Dacordo co disposto no artigo 70.2 as Ordenanzas, publicaránse no BOP e non entrarán en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2, iste prazo é de 15 días hábiles con que conta a Administración do Estado e, no seu caso, as Comunidades Autónomas, para formular o requerimento de anulación do Regulamento, contados a partires do seguinte a aquel en que sexa remitida en cumprimento do disposto no artigo 56 da LRBRL (seis días para a remisión mais quince días para o requerimento - artigos 196.3 e 215.2 do ROF).

PRONUNCIAMENTO DA PARTE DISPOSITIVA:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Regulamento Interno da Acción Voluntaria do Concello de Cambados segundo a redacción dada pola Dinamizadora Xuvenil.

Segundo.- Abrir un período de información pública por espacio de 30 días mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincial, para a presentación de reclamacións e suxerencias.

Terceiro.- Rematado o período de información pública, o Pleno, nun acto unitario, debe resolver as reclamacións e proceder á súa aprobación definitiva. No caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxerencia, entenderáse definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Cuarto.- Publicación e entrada en vigor: Dacordo co disposto no artigo 70.2 da lei 7/195, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local a modificación non entrará en vigor ata que se publique íntegramente o texto da modificación no BOPPO e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 (15 días hábiles a partires da recepción do acordo por parte da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma).

Quinto.- Remitir o documento aprobado ao Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia.

E este é o meu informe, que someto a calquera outro mellor fundado en dereito, sen prexuízo, de que o Pleno, co seu máis alto criterio estime o que considere oportuno.

En Cambados a 29 de marzo de 2017.

O Secretario Xeral

Asdo Francisco Javier Oubiña Lodeiro





Concello de Cambados

**REGULAMENTO INTERNO
DA ACCIÓN VOLUNTARIA
DO CONCELLO DE
CAMBADOS**





Concello de Cambados

REGULAMENTO INTERNO DA ACCIÓN VOLUNTARIA DO CONCELLO DE CAMBADOS

ÍNDICE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

MARCO NORMATIVO

TÍTULO I-DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1: DENOMINACIÓN E RÉXIME XURÍDICO DA ENTIDADE

ARTIGO 2: OBXECTO

ARTIGO 3: ÁMBITO DE APLICACIÓN

ARTIGO 4: DEFINICIÓN DE VOLUNTARIADO MUNICIPAL

ARTIGO 5: PRINCIPIOS E REQUISITOS DE ACTUACIÓN

TÍTULO II: DESTINATARIOS DA ACCIÓN VOLUNTARIA

ARTIGO 6: CONDICIÓNS DE ADMISIÓN DO VOLUNTARIO

ARTIGO 7: PERDA DA CONDICIÓN DE VOLUNTARIO

ARTIGO 8: DEREITOS DAS PERSOAS VOLUNTARIAS

ARTIGO 9: DEBERES DAS PERSOAS VOLUNTARIAS

TÍTULO III: ENTIDADE DA ACCIÓN VOLUNTARIA

ARTIGO 10: COMPROMISO DA COLABORACIÓN VOLUNTARIA

ARTIGO 11: OBRIGAS DA ENTIDADE DE ACCIÓN VOLUNTARIA

ARTIGO 12: DEREITOS DA ENTIDADE DE ACCIÓN VOLUNTARIA

ARTIGO 13: USO DA LINGUAXE NON SEXISTA

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

DISPOSICIÓN FINAL





Concello de Cambados

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A acción voluntaria da cidadanía, como expresión do compromiso solidario a favor do interese xeral e pilar fundamental da sociedade democrática avanzada, adquiriu nos últimos anos unha importante relevancia. A cidadanía reclama un papel máis activo na atención ás necesidades e na solución dos problemas que afectan ao conxunto da comunidade a través da acción voluntaria.

Unha das consecuencias deste interese é o desenvolvemento por parte dos poderes públicos de estruturas e marcos normativos que posibiliten e faciliten a intervención da sociedade civil en actividades de acción voluntaria, tendo en conta que en ningún momento a acción voluntaria debe substituír o papel dos poderes públicos nin eximilos de garantir o dereito dos cidadáns do benestar nin substituír o traballo remunerado ou a prestación de servizos profesionais retribuídos.

A acción voluntaria é unha manifestación social con importante potencial de desenvolvemento, en especial no referido a conseguir unha maior permanencia temporal nas persoas voluntarias e incorporación de novos colectivos. Con ese fin nace o presente regulamento, establecer normas de relación entre as persoas voluntarias e as entidades onde se desenvolven as súas actividades, así como as Administracións Públicas, definindo os dereitos e obrigas das persoas beneficiarias, que contribúe ó exercicio mesmo da liberdade das partes e favorece a continuidade e a xeración de novas incorporacións da acción voluntaria.



Concello de Cambados

MARCO NORMATIVO

A Carta Social Europea propón no artigo 14 estimular a participación dos individuos e das organizacións benéficas ou doutro tipo na creación e mantemento de servizos que contribúan ó benestar e desenvolvemento dos individuos e dos grupos na comunidade.

A Constitución Española, no artigo 9.2, di que corresponde ós poderes públicos facilitar a participación de toda a cidadanía na vida social, cultural, económica e social.

O Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 4.2 recolle en termos semellantes o precepto constitucional do artigo 9.2. da Constitución española, así como en disposicións sectoriais a normativa referida ó voluntariado, dirixida preferentemente a regular as relacións entre as persoas voluntarias e as entidades de voluntariado. Así, tanto a Lei 3/1987, de 27 de maio de servizos sociais, como a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e o máis recente Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, reflicten disposicións que afectan ó voluntariado.

A nivel estatal, a Lei 45/2015 de 14 de outubro, de Voluntariado que ten por obxecto promover e facilitar a participación solidaria da cidadanía, fixar os requisitos dos voluntarios, describir a cooperación entre as Administracións Públicas e determinar as funcións da Administracións no ámbito das súas competencias en materia de voluntariado.





Concello de Cambados

TÍTULO I- DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1: DENOMINACIÓN E RÉXIME XURÍDICO DA ENTIDADE

O Concello de Cambados co C.I.F.: P3600600E inscribiuse como Entidade de Voluntariado segundo a Lei 3/2000 de 22 de decembro, do voluntariado de Galicia o día 14 de abril do ano 2005. Está inscrito no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia co número L-209

O domicilio establécese en Cambados, Pontevedra, na Praza do Concello nº1

ARTIGO 2: OBXECTO

O obxectivo de este Regulamento é establecer o réxime xurídico da acción voluntaria organizada polo Concello de Cambados, regulando os dereitos e obrigas que xurden da relación entre as persoas voluntarias e esta entidade; así como o procedemento de incorporación e desvinculación dos voluntarios e voluntarias aos programas e actuacións e a súa formación.

ARTIGO 3: ÁMBITO DE APLICACIÓN

O presente Regulamento será de aplicación ós programas, proxectos ou actuacións de voluntariado que, no seu termo municipal ou fóra del, promova e desenvolva directamente o Concello de Cambados e/ou as entidades públicas que dependan del ou das que forme parte.

Quedan excluídas, polo tanto, do seu ámbito de aplicación os programas, proxectos ou actuacións de voluntariado desenvolvidos por outras organizacións públicas ou privadas, aínda que foran promovidos ou financiados, total ou parcialmente polo Concello.



Concello de Cambados

ARTIGO 4: DEFINICIÓN DE VOLUNTARIADO MUNICIPAL

4.1 Enténdese por voluntariado municipal, ós efectos do presente Regulamento, o conxunto de actividades de interese xeral desenvolvidas por persoas físicas no ámbito territorial do Concello, sempre que estas accións cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que se trate dunha decisión libremente adoptada e non traia causa dunha obriga ou dun deber xurídico.
- b) Que se execute fóra do ámbito laboral, profesional, funcionarial ou mercantil ou de calquera outro tipo de relación retribuída.
- c) Que a acción voluntaria se leve a cabo sen contraprestación económica, sen prexuízo do dereito ó reembolso dos gastos que esta acción poida ocasionar ou dos recoñecementos que correspondan
- d) Que se leve a efecto en función de programas concretos promovidos polo Concello.

4.2. Para os efectos deste Regulamento non terán a consideración de acción voluntaria:

- a) As actividades que sexan realizadas de forma espontánea así como as consideradas como prácticas, aprendizaxes ou experiencia profesional.
- b) As que sexan prestadas de xeito illado ou esporádico, prestadas con carácter individual e executadas por razóns familiares, de amizade ou veciñais.
- c) As desenvolvidas como consecuencia dunha relación laboral, mercantil, funcionarial de calquera tipo, así como as que constitúan exercicio de funcións directivas ou xerenciais na entidade, a non ser cando quen as leve a cabo conserve a condición de persoa voluntaria e as desenvolva en tal concepto sen percibir remuneración ou contraprestación por elas.

4.3. A actividade do voluntariado non poderá substituír en ningún caso o traballo remunerado ou a prestación de servizos profesionais retribuídos.



Concello de Cambados

ARTIGO 5: PRINCIPIOS E REQUISITOS DE ACTUACIÓN

O Concello de Cambados leva a cabo actividades de interese xeral que, respectando os principios de non discriminación, solidariedade, pluralismo e todos aqueles que inspiran a convivencia na sociedade democrática, levaranse a cabo para a mellora da calidade de vida de outras persoas, ou da colectividade, segundo os seguintes requisitos:

- a) Que teñan carácter altruísta e solidario
- b) Que a súa realización sexa consecuencia dunha decisión propia e libremente adoptada, e non traia causa dunha obriga persoal nin dun deber xurídico
- c) Que se leven a cabo de forma desinteresada e sen contraprestación económica, nin de calquera outra índole, sen prexuízo dos incentivos que legalmente poidan establecerse podendo ser resarcido o voluntario polos gastos orixinados no desempeño da súa actividade
- d) Que se desenvolvan a través de programas e proxectos concretos.



Concello de Cambados

TÍTULO II: DESTINATARIOS DA ACCIÓN VOLUNTARIA

ARTIGO 6: CONDICIÓNS DE ADMISIÓN DO VOLUNTARIO

Poderán ser admitidas como voluntarias tódalas persoas físicas con capacidade de obrar suficiente e que, conforme o anterior, teñan un interese de colaborar sen percibir contraprestación nin mediar obrigação ou deber xurídico.

Poderán admitirse da mesma forma a menores de 18 anos e maiores de 12 que conten coa autorización expresa dos proxenitores, titores ou representantes legais no que se valorará se as actividades de voluntariado prexudican no seu desenvolvemento e formación integral.

ARTIGO 7: PERDA DA CONDICIÓ DE VOLUNTARIO

A condición de voluntario poderá perderse:

- a) Por incumprimento das instrucións ou diretrices establecidas polo persoal competente do Concello de Cambados para o desenvolvemento das actividades do voluntario
- b) Por incumprir os deberes enumerados no artigo 9 deste estatuto



Concello de Cambados

ARTIGO 8: DEREITOS DAS PERSOAS VOLUNTARIAS

As persoas voluntarias teñen os seguintes dereitos:

- a) Recibir regularmente durante a prestación da súa actividade, información, orientación e apoio, así como os medios materiais necesarios para o exercicio das funcións que se encomenden
- b) Recibir en todo momento, a cargo do Concello de Cambados, e adaptada as súas condicións persoais, a formación precisa para o correcto desenvolvemento das actividades que se asignen
- c) Recibir un trato sen discriminación dentro do respecto á súa liberdade, dignidade, intimidade e crenzas
- d) Participar activamente na organización en que se inserten, colaborando na elaboración, deseño, execución e avaliación dos programas e proxectos, na medida que sexa posible.
- e) Na medida na que os programas e proxectos a realizar polo Concello de Cambados o permitan, desenvolver actividades no seu entorno máis próximo
- f) Desfrutar de actividades adecuadas ás condicións de saúde e seguridade, en función das características e natureza das mesmas.
- g) Cesar libremente, previo aviso, da condición de persoa voluntaria
- h) Recibir formación, orientación e apoio necesarios para o exercicio das actividades
- i) Desfrutar dos dereitos que deriven da Lei 45/2015, de 14 de outubro, de Voluntariado, e resto do ordenamento xurídico

Fronte ao Concello de Cambados, as persoas voluntarias teñen os seguintes dereitos:

Participar activamente, colaborando na planificación, deseño, execución e avaliación dos programas nos que colabore

- a) Acordar, libremente, e de acordo coas necesidades da entidade, as condicións da súa acción voluntaria, no ámbito da súa actuación, tempo e horario que poidan adicar á actividade voluntaria.
- b) Estar asegurado mediante póliza que cubra os sinistros do propio voluntario e fronte a terceiros, no exercicio das actividades encomendadas.



Concello de Cambados

- c) Recibir compensación económica polos gastos ocasionados no desenvolvemento da actividade, sempre que así se pactara entre o Concello e a persoa voluntaria.
- d) Variar as características da actividade a desenvolver, se as circunstancias da entidade o permiten, sen modificar as características constituíntes da actividade voluntaria
- e) Recibir acreditación identificativa da actividade de voluntariado
- f) Os que se inclúen no artigo 10 da Lei 45/2015, de 14 de outubro, de Voluntariado, e demais que se deriven do ordenamento xurídico aplicable

ARTIGO 9: DEBERES DAS PERSOAS VOLUNTARIAS

En xeral, a persoa voluntaria ten as seguintes obrigas:

- a) Realizar a actividade conforme ós principios establecidos no artigo 11 da Lei 45/2015, de 14 de outubro, de Voluntariado
- b) Observar as medidas de saúde e seguridade que se adopten
- c) Gardar confidencialidade da información recibida e coñecida no desenvolvemento da actividade.
- d) Respetar os dereitos das persoas ou grupos cos que se leva a cabo a actividade
- e) En xeral os voluntarios deberán rexirse polos principios de solidariedade, participación, gratuidade, non discriminación, pluralismo, integración, prevención e sensibilización social, e en xeral, por todos aqueles que inspiran a convivencia na sociedade democrática, moderna, participativa, xusta e igualitaria
- f) Os demais derivados da Lei 45/2015, de 14 de outubro, de Voluntariado, e o resto do ordenamento xurídico aplicable a Voluntariado



Concello de Cambados

En particular, son obrigas da persoa voluntaria ante o Concello de Cambados:

- a) Cumprir con máxima dilixencia os compromisos adquiridos coa entidade, respectando os seus fins e principios de actuación así como o presente Estatuto
- b) Aceptar os principios e normas de funcionamento da entidade
- c) Aceptar os obxectivos e acatar as instrucións impartidas polos órganos competentes desta entidade, con pleno respecto a esta última.
- d) Rexeitar calquera tipo de contraprestación pola prestación da actividade voluntaria
- e) Coidar e facer bo uso do material ou equipo confiado polo Concello de Cambados para o desenvolvemento das actividades de voluntario
- f) Participar nas actividades formativas previstas pola entidade e nas que sexan necesarias para manter a calidade dos servizos que se prestan
- g) Utilizar adecuadamente o distintivo da entidade
- h) En caso de renuncia, comunicalo con tempo suficiente, para que poidan adoptarse as medidas necesarias a efectos de evitar un prexuízo na labor encomendada.
- i) As restantes que se deriven da da Lei 45/2015, de 14 de outubro, de Voluntariado, e o resto do ordenamento xurídico



Concello de Cambados

TÍTULO III: ENTIDADE DA ACCCIÓN VOLUNTARIA

ARTIGO 10: COMPROMISO DA COLABORACIÓN VOLUNTARIA

O acceso e incorporación dos voluntarios aos programas que se leven a cabo por parte do Concello de Cambados formalizaranse por escrito, a través do correspondente compromiso de colaboración, cuxo contido mínimo será:

- a) conxunto de dereitos e deberes de ambas partes, de acordo coa da Lei 45/2015, de 14 de outubro, de Voluntariado e o presente Estatuto
- b) O contido das función e actividades que se compromete a realizar o voluntario
- c) O proceso de preparación ou formación previa necesario, cando así o requira o exercicio da actividade da persoa voluntaria

ARTIGO 11: OBRIGAS DA ENTIDADE DE ACCIÓN VOLUNTARIA

O Concello de Cambados ten a obriga de:

- a) Articular os mecanismos necesarios para garantir a información, participación e colaboración da persoa voluntaria, tanto na entidade como nos programas que esta leve a cabo
- b) Dotar á persoa voluntaria do apoio e medios adecuados para o desenvolvemento das función
- c) Proporcionar a formación necesaria ó voluntario para o correcto funcionamento da actividade
- d) Levar a cabo o rexistro de altas e baixas do persoal voluntario
- e) Subscribir unha póliza de seguros que garanta á persoa voluntaria na cobertura por danos e prexuízos que poidan ocasionarse á persoa voluntaria e a terceiros no exercicio da súa actividade
- f) Garantir as debidas condicións de saúde e seguridade
- g) Calquera outro que se derive da da Lei 45/2015, de 14 de outubro, de Voluntariado, e resto do ordenamento xurídico aplicable



Concello de Cambados

ARTIGO 12: DEREITOS DA ENTIDADE DE ACCIÓN VOLUNTARIA

O Concello de Cambados ten dereito a:

- a) Seleccionar ás persoas voluntarias segundo as tarefas a realizar e as condicións deste Estatuto
- b) Suspende a colaboración voluntaria de persoas que non cumpran o seu compromiso de colaboración
- c) As demais que se deriven da Lei 45/2015, de 14 de outubro, de Voluntariado, e resto do ordenamento xurídico aplicable

ARTIGO 13: USO DA LINGUAXE NON SEXISTA

O persoal que coordina o programa municipal de voluntariado do Concello de Cambados utilizará sempre unha linguaxe non sexista tanto na súa función laboral como nas relacións coas persoas voluntarias e usuarias así como coa administración

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

1. En todo o non estea previsto no presente Regulamento Interno será de aplicación os contidos da Lei correspondente
2. A vixilancia, aplicación e interpretación do presente Regulamento é competencia do Concello de Cambados

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor ao mes da súa publicación no BOPPO

Cambados, a 10 de marzo do ano 2017